



IES de Mugarbos. Departamento de Debuxo.

MATERIA Educación plástica, visual e audiovisual

PROFESOR/A Marta González Pérez.

ESO

3.º ESO
2018 - 2019**CONTIDOS**

Bloque 1. Expresión plástica.

Título	Descrición
O proceso creativo.	Métodos creativos aplicados á composición gráfico plástica.
A imaxe fixa.	Grados de iconicidade. A imaxe gráfica.
A cor.	Simbolismo, temperatura, propiedades.
Materiais e técnicas.	Posibilidades expresivas.

Bloque 2. Comunicación audiovisual.

Título	Descrición
Percepcións visuais e ilusións ópticas.	As leis da Gestalt. Procesos perceptivos.
Imaxe en movemento.	Posibilidades expresivas.
Linguaxe visual.	Significante e significado. Denotación e connotación.
A fotografía.	Medio de comunicación.
Linguaxes visuais e audiovisuais.	Fundamentos.
A publicidade.	Recursos publicitarios.
O cine.	Medio de comunicación.
A linguaxe multimedia.	Fundamentos.

Bloque 3. Debuxo técnico.

Título	Descrición
Lugares xeométricos.	Definicións e construcións.
Polígonos.	Clasificacións e construcións.
Tanxencias.	Construcións.
Curvas técnicas.	Óvalos, ovoides e espirais.
Simetrías, xiro e traslación.	Aplicacións en redes modulares.
Sistema diédrico.	Vistas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de avaliación		Instrumento de avaliación	
Probos-Exercicios	PROB	Probos escritos	PROB-E
		Probos orais. Rúbrica	R-PROB-O
		Probos prácticas (exercicios, aplicacións, caderno)	R-PROB-P
Actividade-Proxecto	ACT	Rúbricas de proxectos (das diferentes fases, do proceso)	R-ACT
Producións-Tarefas	PROD.T	Rúbricas de producións (traballos, portafolio, esquemas, programa, arquivo)	R-PROD.T
Observación	OBS	Rúbricas de Observacións	R-OBS

Observación da actitude:

A observación e rexistro das actitudes do alumnado vai ser unha constante diaria. Terase en conta os seguintes apartados valorándose positiva ou negativamente para aplicar aproximacións ou redondeos.

En canto a comportamento:

- Aceptación das indicacións dadas polo profesor.
- Gardar quenda de palabra.
- Coidado dos materiais comúns, propios ou alleos.
- Respecto aos outros.

Neste punto é obvio que calquera alumno/a que teña que ser derivado á aula de convivencia ou facerlle un parte, non será merecedor de dito redondeo á alza na súas notas.

En canto ao interese:

- A asistencia e puntualidade.
- Iniciativa e interese.
- Entrega a tempo e con calidade das producións.
No caso de non entregar a tempo por motivos non xustificables (Enfermidade con nota da casa ou do médico, ou outras circunstancias que parezan aceptables) restarase 0,5 na nota do traballo, sempre e cando se entregue o primeiro día de clase despois da data prevista. Se o atraso fose de máis tempo, non se recollerá e a nota será un 0.
- Participación no traballo dentro e fora da aula.
- Hábitos diarios de traballo.
- Uso axeitado do caderno: a anotación de apuntes no caderno de maneira clara, correcta e coidando a ortografía e a letra. Etc
Restarase 0,2 por cada falta de traballo na casa ou na clase.
- Traballo en grupo: desenvolvemento da súa tarefa no grupo, respecto pola opinión dos demais, aceptación da disciplina do grupo, participación nos debates, integración.
- Traer material necesario cada día.
Restarase 0,2 por cada falta de material necesario para o desenvolvemento da actividade na aula.

Probos escritos ou orais.

Nas probos orais valoraranse as seguintes cuestións:

- Expresión oral.
- Uso da linguaxe específica.

As probos escritas(exames)de facelos, poderán ter unha parte teórica e unha parte de exercicios prácticos. Valoraranse as seguintes cuestións:

- Expresión escrita e gráfica.
- Uso da linguaxe específica.
- Valorarase a limpeza e precisión na presentación e resolución dos exercicios.

A parte da materia do bloque de Debuxo Técnico é necesario practicala e estudala na casa.

Exercicios, actividades e tarefas (orais ou escritas)

Trátase de proxectos prácticos, actividades, exercicios e cuestións tanto feitas na aula como na casa, etc. Valorarase nas producións do alumnado o seguinte:

- Realización completa e axustándose aos prazos de entrega.
- As achegas para traballos deberán ser correctamente contextualizadas e peneiradas evitándose a copia textual de fontes de información dixital ou escrita sen unha análise, comprensión e elaboración propia.
- A limpeza, curiosidade e precisión nos trazados xa sexan técnicos ou artísticos.
- A letra lexible e ausencia de faltas de ortografía.
- A presentación con portada (no apartado de metodoloxía explícase como debe facerse esta portada) e grampado ou en carpetiña se son folios o que se entrega.

A observación e rexistro das actitudes do alumnado vai ser unha constante diaria.

O curso irase superando por trimestres (o xeito de recuperar as distintas avaliacións e repetindo traballos completos ou partes deles) . A avaliación final ordinaria quedará superada facendo a media matemática das tres, e ter así a materia aprobada en xuño. Se este non fora o caso, e o resultado da media matemática non da o 5, a recuperación final da materia será mediante proba escrita de todos os contidos do curso ben en xuño, ben en setembro.

Todo o alumnado aprobado podería presentarse á proba final global para tentar subir a media. Conservaríase a nota máis alta.

Entregaranse fichas de reforzo en cada trimestre, así como ao final de curso para o alumnado suspenso que as solicite. Asemade, póñome a disposición nos recreos daquel alumnado que demande axuda.

No caso de que na realización das probas escritas ou prácticas, **o alumnado empregase métodos de comunicación, copia ou información non permitidos**, o exame ou proba en cuestión terá un 0.

Para o alumnado que non asista á realización das probas escritas nas datas marcadas , o profesor/a decidirá que facer dependendo da xustificación da falta, no caso de enfermidade con xustificante o profesor/a marcará outra data para a realización do mesmo, esa data será como norma xeral o día de incorporación ás clases pero é necesario traer o xustificante médico da falta. Podería facerse esta proba dividida en dúas partes nos dous recreos, para que o resto do alumnado non perdesa a clase.

A cualificación que acade un alumno en cada avaliación calcularase seguindo a táboa.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas Probas orais Observación, aplicarase tal e como está explicado no apartado da presente programación.	Mesmo porcentaxe para todo, aplicando os descontos explicados no apartado de criterios sobre avaliación, cualificación e promoción: <ul style="list-style-type: none"> • -0,2 falta de traballo diario. • -0,2 mal uso do caderno. • -0,5 entrega con 1º atraso.(0 na entrega con 2ª atraso) • -0,2 por cada falta de material para traballar na aula.
Actividades e exercicios exercicios,esquemas, mapas mentais, monografías, arquivos de resumos e informes, caderno, aplicacións...	
Tarefas traballos de produción, portafolio.	
Total	

Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe	
0	Responde de forma totalmente errónea /realiza a práctica ou actividade de forma totalmente errónea ou non a realiza.
1	Explica con erros, identificando poucos elementos e a relación entre eles. / Realiza as prácticas ou actividades pero ten bastantes fallos en bastantes delas. / Ten dificultades para comprender o problema e non escolle adecuadamente a maioría das estratexias para resolvelo.
2	Explica de forma algo incompleta pero válida. / Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas. / Comprende o problema de forma algo incompleta pero válida e a maioría de estratexias empregadas son válidas. NIVEL DE APROBADO
3	Explica de forma axeitada case todo identificando os elementos importantes e as súas relacións. / Resolve correctamente todas as actividades. / Comprende o problema e emprega as estratexias axeitadas para resolvelo.

4	Destaca pola súa excelente explicación / comprensión / resolución / execución.
---	--

o sistema de traballo para actividades e tarefas será a seguinte en case tódolos casos:

- Preguntas de partida: ideas previa, curiosidades e inquiredanzas.
- Introducción do tema.
- Tarefas de autodescubrimento guiado.
- Guión co que teño que facer, e onde buscar a información se é preciso.
- Valoración de procesos intermedios.
- Entrega da tarefa, tal e como se explicou anteriormente, na data proposta e cunha presentación coidada.
- Exposición, se é o caso.
- Avaliación. Autoavaliación e coavaliación en algúns casos.

Posibilidade de repetición de partes ou de todo. Esta é a maneira de reforzar e recuperar traballos suspensos.

PENDENTES

A recuperación do alumnado pendente doutros anos será nas datas asignadas trimestralmente para tal feito por medio de proba escrita, dos contidos e da práctica, do curso en cuestión. Estes exames farán media para non ter que examinarse en Maio cun global final.

Entregaranse apuntes referidos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso pendente en cuestión para a preparación destes exames se o alumnado o solicita. Firmarase un documento con dita entrega.

O alumnado suspenso é o responsable de vir falar comigo nun recreo sobre a materia pendente, pode darse o caso que non os teña de alumnos xa.

Asignarase unha data para facer un exame final en Maio, teórico e práctico, de todos os contidos do curso en caso de non ter superada a materia por trimestres.

Se no primeiro trimestre ten un NP=non presentado, pasarase directamente ao exame de Maio.

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

As mini programacións recollidas neste punto expoñeranse publicamente tanto na páxina web do centro como dentro da aula.

A miña hora de atención as familias é os Xoves as 10.45 h.